



**ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN E
PENTATLÓN MODERNO**
(Santiago de Compostela, 27/04/2018)

Asisten: Óscar J. Suris Regueiro (Presidente), José Angel Fernández Martínez (A.D. Fefeme Triatlón do Miño), José Luis Méndez Ruiz (A.D. Tri-Penta Terras de Lugo), Adrián Vázquez Fernández (Cidade de Lugo Fluvial), Arturo López Lago (C.T. Coruña), José Antonio Formoso Pita (Club Triatlón Ferrol), Xosé Manuel Iglesias Iglesias (Dexter Triatlón Compostela), Manuel Pita Pereira (Deportistas), Ricardo Rey Martínez (Deportistas), Jaime Ruiz del Ganso (Técnicos), Miguel A. Fernández Vázquez (Organizadores); Roberto Gómez Álvarez, Luis Piña Rebojos, Enrique J. Hidalgo Lugo, Alejandro Lamela (Asesoría) e Ánxel Otero Trigo.

Abrese a sesión ás 20:33 horas

Antes de comenzar os temas da orde do día, toma a palabra o Presidente da Federación dando a benvinda a todos os presentes.

Orde do dia:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asemblea anterior:

A acta foi enviada a todos os membros da Asemblea polo que se decide que non é precisa a sua lectura.

Apróbase por unanimidade.

2. Liquidación do orzamento e aprobación do resultado do exercicio 2017:

O Presidente da Federación, Óscar José Suris Regueiro, comenta que seguimos nesa tendencia de dar beneficios que ven sendo habitual dende fai varias tempadas. Valora positivamente os resultados comparado co ano anterior. Dando o valor de todo isto ós deportistas que fan máis licenzas connosco e ó incremento das inscricións. O aumento de volume de negocio foi dun 3% con respecto ó ano anterior. Tamén no cido deportivo temos noticias moi positivas, só con ver a convocatoria para a proba do Mundo de Yokohama chea de deportistas con licenzas galegas representa un grande orgullo para esta Federación.

O Presidente fai a presentación de Alejandro Lamela (Asesor da Federación) e a Roberto Gómez (Tesoureiro da Federación), como expertos na materia e que están a disposición dos presentes para contestar e aclarar todas as dúbdidas que se presenten.

Xosé Manuel Iglesias (Dexter Triatlón Compostela), pregunta sobre a estética da páxina web. Se vai sufrir modificacións ou xa queda así como está na actualidade.

Óscar José Suris comenta que a páxina web está en constante proceso de redifinición. É un proceso vivo que está mudando día a día.

Xosé Manuel comenta que unha cousa que se podería modificar é o tipo de letra, que o actual faixe moi denso.

Toma a palabra Roberto Gómez (Tesoureiro), que destaca a solvencia que ten neste momento a Federación, o que fai que se poda fazer frente a calquer incidencia que poda surxir, como pode ser o caso de que mermaran as subvencións que recibe a Federación, esta podería fazer fronte á situación a corto e medio prazo.

O saldo final do exercicio foi de (21.202,75€).

Procédese á votación das contas da Tempada 2017:

Votos a favor: 11

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Quedan aprobadas por unanimidade as contas da Tempada 2017

3. Rogos e preguntas

- Mónica Flores Ferreiro (Xuices): Solicita informe contratación de personal. Creación de novo posto de traballo e facilitación da mobilidade de traballadores con contrato a tempo parcial.

O Presidente expón que este tema pertence ó funcionamento interno da Federación. Non sendo tema para tratar en Asemblea. Explica que isto xa foi tratado coa traballadora nunha reunión. Tamén expón que na tempada 2017 se fixo a contratación dunha persoa durante esta época e en ningún momento comunicou a súa intención de cubrilo.

José Antonio Formoso Pita (Triatlón Ferrol), solicita que conste en acta a súa opinión: "que para él, a traballadora, Mónica Flores, é unha persoa preparada para cubrir o posto para o que se fixo a contratación".

- Proba do Campionato Galego Triatlón de Categorías Menores: Luis Piña comenta que non é posible facer a proba en Cenlle (Ourense) como estaba aprobado. O motivo é que o circuito non é viable para a competición dos menores. Acórdase enviar a cancelación da proba e dar a posibilidade ó resto de organizadores de probas de Triatlón e Menores para que envien a solicitud para que a súa proba sexa o Cto. Galego. Sendo a Comisión Delegada quen decida a sede de entre as solicitudes presentadas.
- Normas de Convivencia para as entregas de premios: Na procura de promover o respecto ao espazo e imaxe de cada deportista e club nas entregas de premios.

Acórdase engadir, de xeito expreso e por escrito, a seguinte recomendación no protocolo de premiación que establece a norma de respecto ós espazos no podium.

Podiums individuais:

- Recoméndase que os deportistas suban con uniformidade do club.
- Non se permitirán pancartas, nin levar a bicicleta, nin insignias de ningún tipo.

Podiums colectivos (Clubs/Equipos)

- permitirse unha pancarta que identifique ó club sempre que non se expanda máis aló do chanxo ocupado polo equipo de referencia.

- Certificacións Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno: Consultado ó Departamento Xurídico da Federación Española de Triatlón sobre as certificacións que podemos facer dende a nosa Federación (FEGATRI), comunicasenos o seguinte:
 - a) A Federación só pode certificar as licenzas que expide ou emite (das que posúe o soporte documental), pero non outras emitidas ou expedidas por outra Federación. É dicir, a FEGATRI só pode certificar licenzas galegas, isto é, as que expide dita entidade, pero as de galegos que teñan licenzas noutras CCAA non.
 - b) A Federación Galega só pode certificar os resultados deportivos das probas federadas oficiais do seu ámbito territorial, pero non outras que deberán ser certificadas pola entidade titular do evento en base a súa natureza xurídica. Sin embargo, si poderá certificar os resultados obtidos en probas nas que a Federación acode coa súa selección correspondente. Exemplos: A FEGATRI certifica resultados das competicións federadas oficiais de Galicia.



A FEGATRI certifica resultados obtidos por persoas que integran a selección galega no ámbito supra-autonómico.

A FETRI certifica resultados das competicións federadas oficiais estatais.

A FETRI certifica resultados obtidos por persoas que integran a selección española no ámbito internacional.

A ITU ou ETU certifica resultados obtidos por persoas que NON integran a selección española no ámbito internacional, sempre que sexan probas da ITU o ETU.

- Licenza Única (sentenza): A normativa da Licenza Única foi recurrida no seu momento ante os tribunais por Andalucía e Cataluña. O recurso de Andalucía non prosperou por un defecto de forma, pero o de Cataluña si, saíndo a sentencia o pasado 12/04/2018, e na que lles dan a razón. Isto implica que as licenzas autonómicas non habilitarán en probas non estatais que se celebran noutras CCAA.

Non habendo máis intervencións. Levántase a sesión ás 22:50horas.

Asdo.: M^a de los Ángeles Otero Trigo
Secretaria



Asdo.: Óscar J. Suris Regueiro
Presidente